



XUNTA DE GALICIA

DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 1 de xullo de 2024 da dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Cervantes (expediente IN407A 2022/70-2).

Con data 04 de abril de 2024, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de febreiro de 2024 polo que se outorga a autorización administrativa previa e de construción, declarase a utilidade pública, en concreto, e a prevalencia sobre un monte veciñal en man común, da infraestrutura de distribución de enerxía eléctrica denominada otorgan á empresa UFD Distribución Electricidade S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "regulamentación LMTA BCR807 apoios 268-A-10, 268-A-11, 268-A-12 e 268-A-14 (Cervantes)" á empresa UFD Distribución Electricidade S.A., no concello de Cervantes (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes, deducida da que se someteu a información pública no diario "La Voz de Galicia" do 24 de abril de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 26 de abril de 2024, para que comparezan o día 19 de setembro de 2024 no concello de Saviñao sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 1 de xullo de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

Expediente: IN407A 2022/70-2

Proxecto: regulamentación LMTA BCR807 apoios 268-A-10, 268-A-11, 268-A-12 e 268-A-14 (Cervantes)

Concello: Cervantes

N.º finca	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Titular	Apoio N.º	Apoio Sup. M²
1	61	5	Sobrecor	Monte baixo	MVMC de Albares e Serrado/ Repr.: Xurado Provincial de Montes de MVMC, Cª de Medio Rural	268-A-10 268-A-11 268-A-12 268-A-14	8.0

R. 2096

Anuncio

Acordo do 3 de xullo de 2024 da Dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Cervantes (expediente IN407A 2023/14-2).

Con data 20 de decembro de 2023, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada “LMTA, CTI, RBT San Román II (Cervantes)” no concello de Cervantes.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes, deducida da que se someteu a información pública no diario “La Voz de Galicia” do 05 de xaneiro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 12 de xaneiro de 2024, para que comparezan o día 19 de setembro de 2024 no concello da Cervantes sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 3 de xullo de 2024.- O Director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de LMTA, CTI, RBT San Román II (Cervantes)

Concello : Cervantes

Expediente: IN407A 2023/14-2

Finca	Propietario	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio nº	Apoio cantidade	Sup. (m²)	Voo (long.)	Voo (sup m²)
1	María García Ríos	11	120	Tallos de Curraes	Monte alto	47-13-1	1	2	22	290
2	Descoñecido	11	121	Tallos de Curraes	Monte alto				8	173

3	Matías García Belón	11	122	Tallos de Curraes	Monte alto					6
4	María García Ríos	11	138	Tallos de Penedo	Monte alto				9	140
5	Descoñecido	11	139	Tallos de Penedo	Monte alto				10	168
6	Antonio Rosón Varela	11	86	Cortiña de Tallado	Prado	47-13-CT	1	14	87	1256

R. 2097

DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo entre os traballadores dos servizo de retirada de vehículos na vía pública na cidade de Lugo e a empresa SETEX APARKI, S.A. de concreción dos seguros colectivos, asinado o día 10 de abril de 2024 pola representación da empresa e polo representante dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 10 de xullo de 2024.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez

ACUERDO ENTRE LOS TRABAJADORES DEL SERVICIO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS EN LA VÍA PÚBLICA DE LA CIUDAD DE LUGO Y LA EMPRESA SETEX APARKI, S.A. DE CONCRECIÓN DE LOS SEGUROS COLECTIVOS.

En Lugo a 10 de abril de dos mil veinticuatro.

REUNIDOS

Por parte de los trabajadores:

- D José Manuel Fernández Novo
- D José Manuel Cebal Varela (asesor CCOO)

Por parte de la empresa:

- Dª Ana Isabel Herrera Couceiro
- Dª Ana Belén Trabada Gómez

Ambas partes comparecen, reconociéndose mutuamente la capacidad necesaria para acordar acuerdos colectivos del centro de trabajo de “retirada y depósito de vehículos en la vía pública” en la ciudad de Lugo, dentro del ámbito de aplicación del VI CONVENIO COLECTIVO COLECTIVO DE ÁMBITO AUTONÓMICO DE GALICIA PARA EL SECTOR DE APARCAMIENTOS, GARAJES Y ESTACIONAMIENTOS REGULADOS EN SUPERFICIE Y RETIRADA Y DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DE LA VÍA PÚBLICA.

MANIFIESTAN:

- I. Que la empresa, es concesionaria del servicio de retirada de la vía pública en la ciudad de Lugo.
- II. Que el Real Decreto Legislativo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, establece las reglas a las que deben someterse la negociación colectiva de ámbito empresarial.
- III. Que ambas partes desean suscribir un acuerdo colectivo, específico para el centro de trabajo de Lugo en la mencionada actividad, que actuará de forma complementaria a lo establecido en el convenio de aplicación en base a las siguientes.

Y tras las oportunas deliberaciones, ambas partes, alcanzan el siguiente:

ACUERDO:

PRIMERO.- Ámbito territorial y personal: el presente acuerdo afecta a todos los trabajadores del centro de trabajo de la empresa Setex-Aparki en Lugo, adscritos al servicio de retirada de vehículos en la vía pública en Lugo, excluyéndose cualquier otro servicio o unidad productiva que se desarrolle en la ciudad.

SEGUNDO.- Vigencia y duración del acuerdo: desde el 10 de abril 2024, y tendrá vigencia, hasta tanto se alcance un nuevo acuerdo, quedarán prorrogados los presentes en sus mismos términos.

TERCERO.- El objeto es expresamente acordar los seguros colectivos de la plantilla, toda vez que con fecha 1 de mayo de 2023, se acordó la aplicación del VI Convenio Colectivo de ámbito autonómico de Galicia para el sector de aparcamientos, garajes y estacionamientos regulados en superficie y retirada y depósito de vehículos de la vía pública, para los trabajadores del centro de trabajo de Lugo, de tal forma que las relaciones laborales de los trabajadores, adscritos a dicha actividad, se regirían con fecha efectos de la fecha del presente documento por dicho Convenio Colectivo.

Atendiendo que en dicho convenio colectivo no se mencionan los seguros colectivos, por lo que se aplicaría el supletorio sectorial nacional, pero que así mismo varios miembros de la plantilla traían una condición más beneficiosa de seguros colectivos, resulta necesario acordar y definir las **CONDICIONES DEL SEGURO COLECTIVO** que va a regir en las relaciones laborales de la plantilla de grúa de Lugo.

- **CUARTO.- CONDICIONES:**

A) **EGURO DE ACCIDENTE LABORAL:** La empresa podrá concertar con una entidad aseguradora una póliza a favor de todos la y trabajadores, que garantice 30.000 euros de indemnización por accidente laboral con resultado de incapacidad permanente total, absoluta y gran invalidez o fallecimiento.

B) **SEGURO DE ACCIDENTE NO LABORAL Y ENFERMEDAD:** Se establece una póliza para cada uno de los trabajadores de la empresa durante su permanencia en activo en la misma consistente en una indemnización de 18.030,36 euros, en caso de muerte o incapacidad permanente en grado de absoluta y gran invalidez o fallecimiento. En este caso, en el supuesto de que algún trabajador sea rechazado por parte de la mutua aseguradora la empresa únicamente se compromete a pagar a dicho trabajador la cuota media anual por trabajador en la fecha de pago de la póliza, quedando exento del abono de cantidad alguna en caso de muerte o invalidez absoluta o gran invalidez permanente en ambos casos, derivada de accidente no laboral o enfermedad.

Las pólizas se concertarán en el plazo máximo de un mes desde la pertinente publicación de este acuerdo.

Las empresas tendrán a disposición de los representantes de los trabajadores copia de la correspondiente póliza.

ESTIPULACIONES ADICIONALES:

Los conceptos y materias, no regulados en el presente acuerdo o los acuerdos en vigor, lo serán exclusivamente por el convenio colectivo de la comunidad autónoma de Galicia, para el sector de estacionamientos regulados en superficie y retirada y depósito de vehículos de la vía pública, así como en su caso por razón de materia por el convenio sectorial estatal.

Expresamente acuerdan, dejar sin efecto, cualquier otro pacto o acuerdo colectivo anterior en lo que se refiere a Seguros colectivos, que es sustituido por el presente en todos sus términos.

Que las partes afirman y reconocen haber negociado de buena fe, haber hecho las ofertas y contraofertas en la negociación que ha precedido al presente acuerdo, haber analizado la documentación aportada, de tal forma que tienen toda la información y documentación necesaria y pertinente para la consecución del presente acuerdo que tiene valor de pacto colectivo con eficacia general.

POR LA EMPRESA. POR LOS TRABAJADORES.

R. 2098

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (TURISMO)***Anuncio*

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (TURISMO), DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Turismo) da Excm. Deputación Provincial de Lugo no, segundo trimestre do ano 2024.

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	APLIC. ORZAMENT.	IMPORTE	ÓRGANO APROBACIÓN
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	P2703100D	Nominativa	Promoción do Viño da Ribeira Sacra	4320.46200	55.000€	Presidencia
ASOCIACIÓN CULTURAL FALCATRUEIROS	G27029255	Nominativa	Festival Internacional de Danza	4320.48900	3.000 €	Presidencia
ACRD ATURUXEIRO DE BRAVOS	G27453059	Nominativa	Sufragar actividades da Asociación	4320.48900	5.000 €	Presidencia
FUNDACIÓN XESÚS BAL Y GAY	G27517762	Nominativa	Festival Bal y Gay	4320.48900	12.000 €	Presidencia
CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS A PONTENOVA	G27023100	Nominativa	Festa da Troita	4320.48900	3.000€	Presidencia
CLUB CICLISTA SAN MIGUEL	G27115617	Nominativa	Quinto desafío San Miguel	4320.48900	1.500€	Presidencia
CLUB CICLISTA TERRA CHA	G27446558	Nominativa	Ruta BTT Terra Cha Queixo San Simón da Costa	4320.48900	3.000€	Presidencia
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA E TURISMO DE LUGO	G27021005	Nominativa	Promoción Turística e Gastronómica de Lugo e Curso de Especialización en Enoturismo	4320.48900	40.000€	Presidencia
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SAN BARTOLOMEU DE INSUA	G27375856	Nominativa	Tasca do Liño	4320.48900	2.000 €	Presidencia
I.E.S. Foz	S2700002E	Nominativa	Concurso Internacional de Baristas	4320.48900	3.000,00€	Presidencia

Lugo, 11 de xullo de 2024.- Vº.Bº. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2116

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024, o expediente de modificación de créditos núm. 12 /2024, (2º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Douscentoscorenta e oito mil cincuenta e seis con oitenta e nove (248.056,89) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as

Anuncio publicado en: Num BOP 164 año 2024 (16/07/2024 08:00:00)

reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 12 de xullo 2024.- O Alcalde- Presidente, José Ulla Rocha.

R. 2123

CHANTADA

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PUBLICA 2024 DO CONCELLO DE CHANTADA

Por resolución de alcaldía de data 11/07/2024 se aprobou a oferta de emprego público para 2024 do concello de Chantada , de acordo coa normativa para o efecto.

Segundo o disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986,do 18 de abril, e no artigo 204 da Lei 2/2015 , do 29 de abril , do emprego público de Galicia , procédese á publicación da oferta de emprego público do ano 2024 seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO					
CODIGO	GRUPO	NIVEL	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	ACCESO
1005	C2	18	1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	LIBRE
2005	C2	18	1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	LIBRE
7108	C1	18	2	POLICIA LOCAL	LIBRE
PERSOAL LABORAL					
CODIGO	GRUPO	NIVEL	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	ACCESO
3216	IV	14	2	OFICIAL	LIBRE
4001	II	16	1	TRABALLADOR/A SOCIAL	LIBRE
6116	III	15	1	TECNICO DEPORTIVO	PROMOCION INTERNA

Chantada, 12 de xullo de 2024.- O ALCALDE, P.O. (DECRETO 2024-0616), Manuel Diéguez Carballo.

R. 2117

O INCIO

Anuncio

En relación ao expediente para a cobertura de 6 prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso de méritos, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298, do 30/12/2022, celebrado en data 03/07/2024 polo tribunal cualificador do proceso selectivo acto de valoración de méritos e proba de galego ás candidatas que non acreditaron o seu coñecemento en fase de solicitude, publicouse na mesma data no taboleiro de anuncios físico e electrónico deste Concello (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>) acta do proceso selectivo, na cal se indica que as opositoras aprobadas, e polo tanto propostas para a súa contratación como persoal laboral fixo son:

Corujo Armesto, Avelina con DNI nº ***6135**.

(*) Fernandes Santos, Rosa Paula con DNI nº ***0191**.

López De La Fuente, M.^a Luisa con DNI nº ***6913**.

López Pérez, Marta con DNI nº ***7481**.

Moscoso Fernández, M.^a José con DNI nº ***7320**.

Souto Sampedro, M.^a Eugenia con DNI nº ***2421**.

(*) Segundo recolle a acta do tribunal de valoración, a candidata indicada disporá de 2 anos para acreditar o coñecemento do idioma galego ao non acreditalo en fase de solicitude nin superar a proba de galego (*Segundo a base 7.3 o exercizo de galego non terá carácter eliminatorio, os que non o superen terán 2 anos para facer o curso. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque*).

As aspirantes propostas disporán de **20 días naturais** para a presentación da documentación indicada na base décima reguladora do proceso selectivo, coa advertencia de que, quen dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, non presenten a documentación esixida ou do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas bases, non poderán dilixenciarse os contratos do persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O que se fai público, ao abeiro das bases novena e décima reguladoras do proceso selectivo.

O Incio, 11 de xullo de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2099

Anuncio

En relación ao expediente para a cobertura de 1 praza de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso oposición, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298, do 30/12/2022, celebrado en data 03/07/2024 polo tribunal cualificador do proceso selectivo exercizo da fase de oposición, acto de valoración de méritos e proba de galego ás candidatas que non acreditaron o seu coñecemento en fase de solicitude, publicouse na mesma data no taboleiro de anuncios físico e electrónico deste Concello (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>) acta do proceso selectivo, na cal se indica que a opositora aprobada, e polo tanto proposta para a súa contratación como persoal laboral fixo é:

López Vázquez, Fe con DNI ***5684**.

A aspirante proposta disporá de **20 días naturais** para a presentación da documentación indicada na base décima reguladora do proceso selectivo, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado e, salvo casos de forza maior, non presenten a documentación esixida ou do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas bases, non poderán dilixenciarse os contratos do persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O que se fai público, ao abeiro das bases novena e décima reguladoras do proceso selectivo.

O Incio, 11 de xullo de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2100

MONDOÑEDO

Anuncio

O 11 de xullo de 2024, ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 2024-0182, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERÍODO MÁXIMO DE 4 MESES, A TEMPO COMPLETO, DE UN ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024 (PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO)

Vistas as bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación Cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 6, do 8 de xaneiro de 2024.

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente para o proceso de selección, por concurso oposición, de persoal laboral temporal, a tempo completo, de un administrativo/a ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego 2024 (Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación de Lugo), por período máximo de 4 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 31 de outubro de 2025.

Vista a memoria do Alcalde-Presidente que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar un proceso selectivo de persoal laboral temporal para a contratación de 1 emprego de Administrativo/a, a tempo completo, por un período máximo de 4 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 31 de outubro de 2025.

Visto que nos últimos anos estase a producir a baixa do plantel de funcionarios do Concello de Mondoñedo, por diversos motivos (xubilación,...), o que está a provocar unha merma dos efectivos destinados a realizar o traballo administrativo cotián deste ente local.

Visto que existe unha urxente necesidade de contar con persoal administrativo que complemente o traballo realizado polo persoal actual, coa fin de manter un servizo de calidade e áxil na tramitación administrativa, así como garantir o normal funcionamento dos servizos administrativos.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e coa fin de garantir o normal funcionamento dos servizos administrativos, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de xeito puntual, co único obxecto de realizar unha convocatoria para a selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, a tempo completo, de un administrativo/a ao abeiro do programa Reforzo do Emprego 2024 (Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación de Lugo), por un período máximo de 4 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 31 de outubro de 2025.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 11 de xullo de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERÍODO MÁXIMO DE 4 MESES, A TEMPO COMPLETO, DE UN ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO (PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO)

PRIMEIRA.—OBJECTO E FUNCIÓNS

É o obxecto da presente convocatoria realizar a selección mediante concurso-oposición de persoal laboral temporal, mediante un contrato temporal, de duración determinada, eventual por circunstancias da produción, de 1 emprego de ADMINISTRATIVO, a tempo completo, por un período máximo de 4 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 31 de outubro de 2025, que se realiza ao abeiro das bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 6, do 8 de xaneiro de 2024.

As funcións

Estará adscrito/a ás distintas unidades administrativas do concello, formando parte dos servizos públicos esenciais, motivando a preceptiva e necesidade urxente e inaprazable das incorporacións. Poderá ter como funcións encomendadas, entre outras, as seguintes:

- Cooperar coa súa xefatura inmediata na supervisión e coordinación de traballos desempeñados por persoal relacionado funcionalmente.
- Desempeñar tarefas administrativas de todo tipo e normalmente de trámite e colaboración non asignados aos funcionarios dos corpos superiores, seguindo os procedementos establecidos e as indicacións do

superior, a fin de que as actividades se executen na debida forma de calidade, cantidade, prazo, custo e oportunidade.

- Tramitar expedientes e procesos administrativos, formulación de dilixencias, actas, resolucións, providencias, comparecencias e oficios de mero trámite, formulación de requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións; así como extensión das oportunas dilixencias e actos administrativos de análoga natureza.
- Xestionar os procesos de traballo de carácter administrativo que se lle asignen, como poderá ser xestión, seguimento e control do rexistro xeral, o padrón municipal de habitantes, padrón de augas, comunicacións ou licenzas de obra ou actividade.
- Colaborar na racionalización de estruturas e sistemas de traballo e na formalización e simplificación de expedientes, procesos e impresos.
- Informar e atender ao público, tanto presencial como telefonicamente sobre calquera asunto das oficinas municipais.
- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes e remisión de información a outras administracións.
- Levar a cabo as xestións necesarias para resolver cuestións que se lle expoñan ou encarguen no seu ámbito competencial utilizando o medio procedente en cada caso (documental, telefónico, electrónico, presencial).
- Realizar operacións concretas como cumprimentar impresos, realizar, verificar ou comprobar liquidacións, realización de cálculos de complexidade media, previa adaptación ou aprendizaxe, se fose necesario.
- Propoñer e poñer en práctica novos procedementos de execución de tarefas administrativas.
- Poderá realizar funcións de similar nivel e complexidade pertencentes a diversos ámbitos, tras un período de aprendizaxe e/ou adaptación axeitados dentro do seu nivel de actividade.
- Utilizar todos os medios de comunicación que a Corporación implante para a mellor prestación do servizo durante a súa xornada de traballo.
- Coordinar e controlar o cumprimento de actividades específicas que requiran a colaboración do persoal dependente directa ou indirectamente do posto.
- Realizar ademais todas aquelas tarefas análogas e complementarias que lle sexan asignadas polo seu superior e relacionadas coas misións do posto, así como aquelas propias do posto segundo o programa esixido, ou se aproben polo Pleno.
- Todas aquelas tarefas administrativas relacionadas directa ou indirectamente coa revisión do “Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico” (PEPRCH) que se está a realizar na actualidade, por parte desta entidade (entre outras: redacción de cartas, notificacións, etc.).
- Tamén poderá realizar as funcións de atención ao público, atención telefónica, dixitalización de documentación e mecanización de datos, rexistro de entrada e saída de documentos, manexo de bases de datos, arquivo, información municipal e administrativa.....etc.
- E todas aquelas funcións que se lle asignen o Alcalde-Presidente, ou concelleiro en quen delegue e para as que estea capacitado ou se lle instrúa e/ou capacite para a súa realización.

Traballarase, a xornada completa, de luns a venres, cos descansos establecidos legalmente, como o resto de persoal de oficinas. No entanto, en función das necesidades do servizo, poderá ser requirido/a polo Alcalde-Presidente para a realización de traballos extraordinarios fóra da súa xornada habitual e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 6, do 8 de xaneiro de 2024.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL

1.- MODALIDADE:

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o temporal, de duración determinada, eventual por circunstancias da produción.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal.

A retribución mensual bruta, incluída a parte proporcional de paga extraordinaria será de 1.936,67 euros, aínda que o salario liquidarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, e/ou á finalización do contrato.

2.- XORNADA DE TRABALLO E DURACIÓN: Traballarase, a xornada completa, de luns a venres, cos descansos establecidos legalmente, como o resto de persoal de oficinas. No entanto, en función das necesidades do servizo, poderá ser requirido/a polo Alcalde-Presidente para a realización de traballos extraordinarios fóra da súa xornada habitual e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente.

3.- RETRIBUCIÓN: Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- 1 ADMINISTRATIVO/A

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- Salario bruto mensual: 1.660,00 €
- Parte proporcional de paga extraordinaria bruto mes: 276,67 €
- Total salario mensual: 1.936,67 €

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, e/ou á finalización do contrato.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección, isto é os establecidos en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- f) **Titulacións académicas:** Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias, a titulación de Bacharelato superior, Formación Profesional de 2º grao ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- g) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- h) Para poder optar a este posto o/a é imprescindible que o/a candidato/a proveña de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, apartado 11.1, no que respecta ao programa Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 6, do 8 de xaneiro de 2024).

QUINTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante unha das seguintes opcións:

Correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PROCESO DE SELECCIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE UN ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024(PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO)

- a) e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, titulación esixida e acreditación de coñecementos da lingua galega.

